



AUTORIZACIÓN DE IMAXE

Impreso 1

Como seguramente xa coñecen, non é infrecuente que aparezan en xornais, impresos ou televisivos, actividades que se desenvolven no noso instituto. Así mesmo, estamos a manter un sitio web, Facebook, ao tempo que nalgunhas materias están a empregarse diversos recursos educativos en liña. Nesas publicacións é relativamente habitual que se inclúan fotografías ou vídeos nos que apareza alumnado do centro. Porén, a normativa vixente determina que, no caso do alumnado menor de 14 anos, para tal propósito é preceptiva a autorización dos seus pais ou titores legais. O mesmo é aplicable ao caso dos traballos desenvolvidos por ese alumnado. O texto que segue ten por finalidade contar, se vostedes así o estiman, coa correspondente autorización, nas condicións que nela se indican, e dese xeito evitar ter que poñerse en contacto coas familias para solicitala cando se dean as circunstancias antes citadas. Reciban un cordial saúdo.

A Dirección

----- Se é o caso, devolver asinado coa matrícula -----

Don/Dona.....con DNI e

domicilio na rúa da localidade de

., autorizo ao IES de SAR á publicación da imaxe do meu fillo ou filla e dos traballos que realice en recursos educativos en liña, na páxina web, Facebook, na revista do centro ou calquera publicación educativa. Todo o anterior estará suxeito, exclusivamente, a un uso educativo non comercial. En consecuencia, as accións, produtos e utilidades derivadas da súa utilización non poderán xerar ningún tipo de lucro persoal. Así mesmo dou o meu consentimento para que dada a natureza e obxecto dos usos anteriores a súa imaxe poida ser cedida a terceiros, sempre que dita cesión se axuste ás condicións expresadas nos parágrafos anteriores.

Data:de de 20....

Asdo: